



ADDENDA AO CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE NOIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACTUACIÓNS DE REORDENACIÓN DO ESPAZO EXTERIOR DO PAVILLÓN ALONSO RODRÍGUEZ

En Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2020

REUNIDOS

Don _____, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en exercicio das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Don _____, alcalde do Concello de Noia, actuando de conformidade co disposto nos artigos 21.1. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 61.1. a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio asinado o 01 de xullo de 2020, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Conscientes da importancia da colaboración económica entre as Administracións Públicas para a realización de obras que beneficien ao conxunto das cidadáns para a realización da práctica deportiva, e nos obxectivos de potenciar o deporte base e de contribuír a unha mellor dotación das infraestruturas que permitan satisfacer ás crecentes demandas sociais no ámbito deportivo, asinouse con data 01 de xullo de 2020 un convenio de cooperación entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Noia para a actuacións de reordenación do espazo exterior do pavillón Alonso Rodríguez segundo o recollido no proxecto técnico redactado polo técnico competente

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade trinta e nove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (**39.999,99 €**) IVE incluído.

A Secretaría Xeral para o Deporte subvencionará ditas actuacións achegando ao Concello de Noia a cantidade de vinte mil euros (**20.000,00 €**), con cargo á aplicación orzamentaria 04.40.441A.760.0 (código de proxecto 2013 000 39) do seu orzamento de gastos para o exercicio 2020 co fin de posibilitar a contratación das actuacións ás que se refire o presente convenio, de acordo coa seguinte cantidade:

Anualidade 2020.....20.000,00 €

Pola súa banda o Concello de Noia achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de dezanove mil novecentos noventa e nove euros con noventa e nove céntimos (**19.999,99 €**) que se imputarán con cargo aos orzamentos do 2020 do Concello de Noia, partida orzamentaria 342 63201

Anualidade 2020.....19.999,99 €

Segundo se manifesta no escrito de solicitude do Concello de Noia de data 05 de outubro de 2020, é preciso unha ampliación de prazos de execución e xustificación establecidos na cláusula quinta do convenio e na que, concretamente, se fixaba para o 14 de novembro de 2020 como prazo para presentar a xustificación do último pagamento.

De acordo co exposto, a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Noia, acordan subscribir esta addenda consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS:

XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS

De acordo co artigo 8 do Decreto 193/2011 polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Concello de Noia estará obrigado a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención á realización da actividade e o seu custo real mediante a presentación cunha conta xustificativa integrada con carácter xeral pola documentación que se relaciona no artigo 10 do Decreto 193/2011, e que incorporará en todo caso a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En todo caso, na xustificación deberá acreditarse o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios, así como doutras subvencións ou recursos á actuación subvencionada.

O prazo para presentar esta xustificación será **antes do 14 de decembro** de 2020. Os pagamentos efectuaranse unha vez examinada e conformada a xustificación presentada polo Concello.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data e hora sinaladas na sinatura electrónica

O secretario xeral para o Deporte

O alcalde do Concello de Noia